

# ANA PÉREZ VENTURA

## Deux études (Dous estudos)

2013  
Acrílico sobre lenzo  
Vídeo, HDV 3'12"  
146 x 114 cm c/u

Investigo a relación entre o tempo e o espazo segundo estra-  
texias de repetición. Interésanme as diferentes variacións que  
se producen inevitablemente en cada repetición. Quero facer un  
registro orgánico do paso do tempo.

O meu traballo co tempo ten a súa orixe na miña vida musical.  
Como pianista e intérprete, traduzo continuamente os signos das  
partituras nunha coreografía de movementos sobre o teclado  
que dan lugar ao son. A repetición de xestos é algo intrínseco á  
rutina de traballo do piano. A maior parte dos xestos utilizados  
no piano son de natureza circular.

O devandito principio vese reflectido directamente nos meus  
études (estudos). Transformo os xestos rítmicos repetitivos pro-  
venientes da práctica musical nunha exploración da abstracción  
pura. Repito de maneira ordenada, enchendo todo espazo pictó-  
rico, un xesto rítmico circular que deixa unha liña que funciona  
como un registro temporal. Continúo co o proceso en distintas  
capas, estratos, que son, á súa vez, unha nova forma de mostrar  
a pegada do paso do tempo.

Un estudo é (en música) unha peza de carácter didáctico, des-  
tinada a traballar un problema específico (un xesto concreto).  
Debido a isto teñen unha escritura moi repetitiva. Nesta obra  
utilicei os estudos op. 37 no 1 e no 2 do compositor H. Lemoine.  
Graveime en vídeo (un vídeo para cada estudo) tocando ao piano  
10 veces seguidas cada estudo. Estes estudos son complementa-  
rios, teñen unha escritura moi simétrica. A man dereita e es-  
querda intercambian papeis. O que fai a man dereita no nº1 logo  
retómao a esquerda no nº2 e viceversa. O audio dos vídeos é un  
extracto diferente para cada vídeo do son producido ao aplicar a  
pintura sobre o lenzo. Ao reproducir os vídeos simultaneamente,  
o audio superponse, como as capas de pintura.



PREMIO AUDITORIO DE GALICIA  
PARA NOVOS ARTISTAS 2013

### Ana Pérez Ventura

(Santiago de Compostela, A Coruña, 1981)

2009-2011. Universidade Sorbonne-Paris IV /  
Máster en Música / Especialidade Música e Artes  
Plásticas

2003-2008. Conservatorio Superior de Música de  
Vigo / Título Superior de Música / Especialidade  
piano

1999-2004. Universidade de Vigo / Licenciatura en  
Belas Artes / Especialidade Pintura

#### Exposicións individuais

2013. *Une écriture du temps*, Galerie Point Doré,  
París. *Espace et répétition*, Maison des Étudiants  
Suédois, Cité Internationale Universitaire de Paris.

2012. *Le temps comme espace*, Maison de la  
Recherche de l'Université Paris-Sorbonne, París.

2010. *Études*, Colegio de España, Cité Internatio-  
nale Universitaire de Paris

#### Exposicións colectivas

2013. *Salon des Réalités Nouvelles*, Parc Floral,  
París. *NordArt 2013*, Kunstwerk Carlshütte, Büdel-  
dorf (Alemaña)

2008. *XI Bienal Pintor Laxeiro*, Museo Ramón María  
Aller, Lalín

2007. Premio Terras do Iria, Convento do Carne,  
Padrón

2004. *XXIV Concurso Nacional de Pintura Concello  
de Cambre*, Cambre | *Sense Títol*, Facultade de  
Belas Artes de Barcelona

#### Bolsas

2012. II Encontro de Artistas Novos, Cidade da  
Cultura de Galicia

2010-2011. Fundación Pedro Barrié de la Maza

2009-2010. Fundación Segundo Gil Dávila

2003-2004. Séneca, Facultade de Belas Artes de  
Barcelona